



ATRÉVETE A DESCUBRIR
A TÚA VERDADEIRA IDENTIDADE

Hai quen vive en Galiza como se estivese nunha burbulla.

Alleos á realidade de Galiza, alleos á lingua que nos une como galeg@s

ROMPAMOS ESAS BURBULLAS !

O galego comeza agora unha nova etapa CHEA DE ENERXÍA. Súmate!

Márcate o obxectivo de falar e escribir en galego a toda persoa que o entenda



POR QUE NON EN GALEGO ?

Hai un truco para dar o paso: se te bloqueas ao comezares a falar en galego con quen sempre falaches en español, podes comezar por usalo con persoas descoñecidas e practicalo en situacións novas, para ir introducíndoo logo na túa esfera habitual.

Non te avergoñes dos defectos que poidas ter. Coñeces algunha lingua que se poida aprender a usala ben sen usala?



GALEGUIZA A TÚA VIDA !



En galego,...xa, si

Boletín do E. N. D. L. do CPI José García García
Nº 6 xuño de 2008

III

Media Europa e máis aínda falaban latín daquela coma Horacio e coma Ovidio, coma Plauto e Columela. Mais de todos é sabido que a lingua que se falaba non era o latín escrito, anque moito lle imitaba. Latín vulgar era a fala na que entonces se entendía desde o Miño ata o Danubio canta xente alí vivía. Desfeito o Imperio Romano polas armas dos xermanos, a lingua foise rompendo, porque todo vai mudando.[...]

Darío Xoán Cabana